			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	X	X	. Experimentar con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. ▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	X	X			

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de Avaliación	Minimos Exixibles	Temporalización
Bloque 3. Debuxo e perspectiva							

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Valoración da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. ▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	X	X	X	Comprender e representa as formas desde distintos puntos de vista.	14 sesións
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	X	X	Observar o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	X	X	Representar os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.		

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de Avaliación	Minimos Exixibles	Temporalización	
Bloque 4. O corpo humano como modelo								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	X	X		14 sesións
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.2. Analiza a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	X	X	X	

			figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	▪ CCEC				súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.
▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g	▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística. ▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana.	▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.	▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	▪ CSIEE ▪ CCEC	X	X	X	Representar a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.
▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g	▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.	▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.	▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	▪ CAA	X	X		Representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.
			▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	▪ CSIEE ▪ CCEC	X	X	X	Elaborar imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Instrumentos de Avaliación	Minimos Exixibles	Temporalización
▪ Bloque 5. O debuxo no proceso creativo							

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Técnicas secas máis comúns a súa aplicación no proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráficoplástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	X	X		Utilizar as TIC nos procesos creativos	10 sesións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo .Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvol ver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	X	X		Valorar a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividadee autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráficoplásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	X	X	X	Demostrar creatividade e autonomía nos procesos artísticos	
			<ul style="list-style-type: none"> DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas,deseñadores/as , científicos/as e técnicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	X			Coñecer as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	X			Coñecer e empregar a terminoloxía específica	

			<ul style="list-style-type: none"> DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CCEC CCL 	X	X	X	Utilizar con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.
<ul style="list-style-type: none"> b i m n d g 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Actitude creativa 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. 	DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	X	X		Manter o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

12.3 UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

A materia ten unha carga horaria de 3 h semanais.

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN
UNIDADE 1: Estudo das formas	20 sesións
UNIDADE 2: A expresión da subxectividade	12 sesións
UNIDADE 3: A perspectiva	14 sesións
UNIDADE 4: O corpo humano	14 sesións
UNIDADE 5: O debuxo no proceso creativo técnicas e materiais	10 sesións
TOTAL	70 sesións

A súa distribución por avaliacións será:

- 1ª AVALIACIÓN.- UD 1, 2 TOTAL: 32 h
- 2ª AVALIACIÓN.- UD 3,4 . TOTAL: 28 h
- 3ª AVALIACIÓN.- UD 4. TOTAL: 10 h

12.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACION ORDINARIA E ETRAORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.
2. B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.
3. B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.
4. B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.
5. B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.
6. B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.
7. B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.
8. B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno , identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.
9. B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e

- a expresividade da figura humana.
10. B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráficoplástica.
 11. B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.
 12. B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación, o alumno deberá entregar todos os traballos (a non ser que haxa unha causa xustificada).

En cada avaliación calificaranse os seguintes aspectos:

- 50% traballos prácticos dentro da aula.
- 20 % probas escritas ou prácticas. (se non as houberse, o percentaxe pasaría aos traballos prácticos dentro da aula).
- 20% traballos fora da aula. Debuxos no bloc A5
- 10 % actitude na materia (participación e interese 5%, traer o material adecuado 5%).

PROBA ORDINARIA EN XUÑO

En xuño farase a media das tres avaliacións, aprobando se esta é de 5 puntos ou superior.

PROBA EXTRAORDINARIA EN SETEMBRO

En setembro, o alumno deberá facer unha serie de traballos relacionados cos contidos do curso, que quedarán indicados ao remate do curso en xuño. Haberá ademais unha proba teórico-práctica na que terá que demostrar as destrezas adquiridas.

A nota final será:

- actividades: 50%
- proba: 50%

13. ASPECTOS COMÚNS A DEBUXO ARTÍSTICO I E DEBUXO ARTÍSTICO II

13.1 METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica propiciará o desenvolvemento dunha serie de técnicas como a observación, a investigación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e expresión, o exercicio da memoria e o sentido crítico e creativo. Terase en conta os coñecementos e experiencias previas de alumno/a e terá como obxectivo capacitalo para aprender significativa e funcionalmente.

Favorecerase a autonomía do alumno na toma de decisións e a súa participación no proceso de ensino e aprendizaxe mediante a información continuada sobre o momento

mesmo en que se atopa, clarificando os obxectivos por conseguir e favorecendo a implicación do alumno.

Para estimular a interese e o hábito da expresión oral e a comunicación, faranse defensas dos traballos e posta en común dos criterios utilizados, co fin de desenvolver o espírito crítico fronte á obra propia e allea. Visualizaranse obras de arte para analizar en común e debater en clase, así como, buscar en Internet obras que ilustren os contidos conceptuais que se vaian vendo.

A realización dos traballos será sempre que sexa posible na aula, acabando algún traballo na casa no caso de alumnos máis lentos, así como a realización dos debuxos do bloc pequeno.

É moi importante o bo clima na clase, o respecto aos seus compañeiros, ós seus traballos, e colaborar na dinámica da mesma.

13.2 MATERIAIS E RECURSOS

Materiais de uso xeneralizado:

Video, proxector e ordenador (presentacións, uso de Internet, fotocopias, videoteca e biblioteca, arquivo de imaxes impresas e material infográfico).

Materiais de uso específico:

Están relacionados cas diferentes actividades e as técnicas que se utilicen no seu desenrolo. Material de pintura, tórculo de gravado, cámara fotográfica, catálogos de papeis e outros materiais máis específicos do debuxo como lápices, plumas, tintas, acuarelas, regra.

A aula de plástica é o espao onde traballamos. No obstante, tamén sairemos á rúa para estudar elementos naturais, vexetais, tomar apuntes de espazos urbanísticos.

13.3 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os exercicios realizados ao longo do curso iranse avaliando de forma continuada e individual. O proceso de avaliación continua ten unha incidencia directa sobre a propia asimilación de conceptos e procedementos por parte do alumno, e debe de orientarlle en calquera momento sobre as súas posibilidades, logros e aspectos susceptibles de mellora ao longo do curso; é dicir, servir como estímulo didáctico.

Como instrumentos de avaliación terase en conta:

- Seguimiento diario do alumnado no caderno do profesor, con anotacións sobre a súa actitude, interese, material e progreso.
- Proba inicial escrita e práctica.
- A cualificación das actividades dos alumnos.
- Se fora necesario, probas obxectivas sobre os contidos preestablecidos.
- Memorias, informes ou análises realizados polo alumnado.
- Debates e coloquios.
- Cualificación dos debuxos trimestrais no bloc A5 feitos na casa.

13.4 RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES

Para recuperar a avaliación pendente, ao principio da seguinte avaliación, o alumno/a deberá entregar as actividades que non fixo no seu momento ou volver a facer as que tiñan calificación de insuficiente. Excepcionalmente, poderase pedir outras actividades substitutivas se o profesor/a o considera conveniente para reforzo da aprendizaxe do alumno/a.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESOLARES

- Visitas a museos ou exposicións de arte no segundo trimestre.
- Favorecer a participación en concursos plásticos a escala local ou nacional.
- Exposicións de alumnos no centro ou fóra del.
- Organización, no marco da Semana Cultural ou outras datas sinaladas, de concursos de pintura ou calquera outra expresión plástica.
- Cine escolar. Festival de curtas de Noia.
- Visionado de películas ou vídeos.
- Nos dous cursos de Debuxo Artístico tentaremos participar nas actividades creativas do centro, saír á rúa para tomar apuntes da natureza e entorno urbano, e deseño de carteis para o instituto.

15. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para os alumnos que presenten dificultades á hora de alcanzar os obxectivos marcados no curso según os criterios de avaliación establecidos e que teñan unha actitude de traballo e esforzo cara a materia., poderáselles a aplicar unha serie de medidas ou reforzoa para axudar a conquerilos:

- Do ritmo de traballo axeitado a cada alumno.
- Variación do número de traballos a entregar. Só no caso de que o alumno por circunstancias xustificadas ou por presentar unha actitude clara de traballo non pode realizar todas as actividades propostas.
- Cambiar a metodoloxía e os recursos utilizados nos casos necesarios

Se ademais fose necesario se empregarían os seguintes tipos de actividades:

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN. Son actividades de dificultade maior que serán aplicadas a aqueles alumnos que así o precisen.

ACTIVIDADES DE REFORZO. Consisten nunha serie de actividades deseñadas para traballar dunha maneira máis estruturada e disgregada os contidos propios das unidades nas que están incluídas. Utilizaranse sobre todo dentro das adaptacións significativas. Tamén adaptarase a metodoloxía e os recursos utilizados nos casos necesarios

16. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A ensinanza da Educación Plástica Visual e Audiovisual debe potenciar certas actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumno a apreciar o propósito da materia, a ter confianza na súa habilidade para abordala satisfactoriamente e a desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc.

No proxecto Savia de Secundaria decidimos focalizar o traballo en cinco valores, que consideramos fundamentais nesta etapa educativa. Son os seguintes:

11. Respecto

- A un mesmo: autoestima, dignidade, esforzo persoal, honestidade, proxecto de vida.
- Aos demais: empatía, escoita activa, diálogo, resolución de conflitos. Pódese traballar co enfoque de deber (“*temos o deber de respectar os demais*”).
- Ás culturas: ideas, linguas, costumes, patrimonio.
- Aos animais: evitar o dano innecesario, evitar a extinción de especies.
- Á natureza: evitar a deterioración medioambiental, evitar a extinción de especies.

2. Responsabilidade

- Fronte ás tarefas persoais e de grupo: esforzo, compromiso.
- Fronte ás normas sociais: civismo, cidadanía. Pódese traballar co enfoque de deber (“*temos o deber de...*”).
- Fronte aos conflitos e dilemas morais: información fiable, sentido crítico, posicionamento.
- Fronte ao consumismo: consumo responsable e racional de produtos.
- Fronte ás xeracións vindeiras: desenvolvemento sustentable, ética global a longo prazo.

3. Xustiza

- Dereito á igualdade, con especial referencia á igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e aos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Dereito á alimentación.
- Dereito á saúde.
- Dereito á educación.
- Dereito á paz, mediante o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Dereito á xustiza internacional, baseado nos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4. Solidariedade

- Coas persoas próximas que se senten fráxiles e indefensas ante o seu día a día.
- Coas persoas que padecen unha enfermidade grave ou limitación dalgún tipo.
- Cos inmigrantes, refuxiados e desprazados.
- Coas vítimas do desequilibrio económico mundial.
- Coas vítimas de conflitos armados.
- Coas vítimas de desastres naturais.

5. Creatividade e esperanza

- O impulso de buscar alternativas.
- A confianza en que é posible mellorar as situacións difíciles, os conflitos, as persoas, o mundo en xeral.

Ademais dos elementos transversais de carácter instrumental que se acaban de mencionar, desde «Educación Plástica Visual e Audiovisual» trátanse outros contidos transversais e comúns, que deben afrontarse en todas as materias.

A presenza das **ensinanzas transversais** na materia de Educación Plástica e Visual exprésase por medio de diferentes momentos do proceso de aprendizaxe:

Educación moral e cívica

- Actuación en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade plástica, como a exploración sistemática de alternativas, a precisión na linguaxe, a flexibilidade para modificar o punto de vista ou a perseveranza na busca de solucións.
- O respecto e a valoración dos traballos plásticos provenientes doutras épocas e culturas.
- A gran variedade de opcións na representación das formas e os diferentes estilos implican a aceptación doutros puntos de vista desde o respecto.

Educación para a paz

- Recoñecemento da realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde puntos de vista contrapostos e complementarios.
- Flexibilidade para modificar o propio punto de vista na interpretación do traballo plástico.
- Recoñecemento e valoración das propias habilidades plásticas para afrontar as situacións que requiran o seu emprego.
- Valoración do traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades.

Educación do consumidor

- Débese fomentar o coidado e mantemento do material de debuxo xeométrico, pois gran parte del debería durar ao longo de toda a ensinanza secundaria. Hábitos de conservación do material axudan a mellorar a educación do consumidor.

Educación para a igualdade entre sexos

- Recoñecemento da capacidade de cada un dos compañeiros e compañeiras para desempeñar tarefas comúns.
- Predisposición ao traballo en grupo, facilitando agrupamentos heteroxéneos desde a perspectiva de xénero.
- O estudo do escaso número de artistas femininas coñecidas ao longo da historia.

Educación viaria

- O uso das formas xeométricas planas é unha constante no deseño de sinais indicativos de todo tipo. O uso, coñecemento e respecto dos sinais contribúe ao desenvolvemento da educación viaria.

Non todos os temas transversais se poden traballar coa mesma profundidade desde a materia de Educación Plástica e Visual, pero débese realizar un esforzo para conseguir que todos se traten o máis adecuadamente posible. Os temas relacionados coa arte son bastante máis fáciles de traballar.

Respecto á educación non sexista hai que fuxir, na presentación das actividades e situacións a analizar, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos. Ademais hai que ter en conta as diversas motivacións dos alumnos e alumnas, así como o seu desenvolvemento intelectual, mesturando as situacións investigativas con outras máis creativas.

Por outra banda, o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos outros, o gusto pola precisión e o rigor, o fomento da presentación e a orde na realización de tarefas, a puntualidade... axudan a conseguir os hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática. A súa práctica cotiá na aula contribúe a que os alumnos adquiren e desenvolvan estes valores.

Ademais, prestarase atención ao desenvolvemento de habilidades que estimulen a **adquisición e desenvolvemento do espírito emprendedor**, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo, a capacidade de comunicación, a adaptabilidade, a observación e a análise, a capacidade de síntese, a visión emprendedora e o sentido crítico. Con este fin, propóranse actividades que axuden a:

- Adquirir estratexias que axuden a resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que se nos pregunta.
- Desenvolver exercicios de creatividade colectiva entre os alumnos que axuden a resolver unha necesidade cotiá.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.
- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
- Desenvolver habilidades cognitivas (expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula, etc.) e sociais (comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades;

capacidade organizativa, etc.)

17. A AVALIACIÓN INICIAL

En todos os cursos da ESO faremos unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado para conseguir que o alumno consiga as competencias básicas ao final da etapa obrigatoria. A avaliación inicial na ESO consistirá nunha proba teórico-práctica baseada nos mínimos esixibles do curso anterior no que se impartiu a materia. En 1º de ESO consistirá nunha proba de conceptos xerais e habilidades que o alumnado debería ter adquirido na etapa de primaria. Neste primer curso a avaliación inicial ten como obxecto tamén detectar posibles dificultades aptitudinais ou de outra índole, que poden ser motivo de reforzo dende un principio. En Debuxo Técnico I haberá unha proba práctica para coñecer o nivel dos alumnos. Dependendo do centro de onde ven, o nivel varía moito. En Debuxo Artístico I farase unha proba inicial sobre as preferencias e gustos artísticos dos alumnos, así como unha proba creativa e outra de debuxo do natural.

18. PROCEDIMENTOS DE ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS EN DEBUXO ARTÍSTICO II E DEBUXO TÉCNICO II

Para os alumnos que queiran cursar Debuxo Técnico II ou Debuxo Artístico II sen haber cursado Debuxo artístico I ou Debuxo Técnico I en 1º BAC, deberán cursar a materia de 1º Bac como pendente, para o que o departamento elaborará o programa de pendentes para os alumnos.

19. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO . PLÁSTICA 1º ESO . CURSO 2019-20

METODOLOXÍA

O alumno debe repasar para cada exame, os contidos que se especifican e facer as actividades propostas.

O alumno debe levar o material adecuado a cada parte:

- **1º parte: portaminas, goma de borrar, plantillas (escuadra, cartabón) e compás para facer o exame.**

- **2ª parte: Só entrega das actividades 4, 5**

O alumno debe levar feitas as seguintes fichas en cada parte:

- **1º parte: actividades 1, 2, 3**
- **2º parte: actividades 4, 5**

SISTEMA DE AVALIACIÓN . CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumno terá dous exames, un **en xaneiro** e outro en **abril** (só debe entregar as actividades propostas). Haberá un exame final en **maio** caso de non ter aprobada algunha das dúas partes anteriores ou as dúas. Cada exame aprobado elimina a materia. O alumno levará a cada exame as actividades propostas feitas para telo en conta na súa cualificación.

- Na primeira proba en xaneiro, a nota do exame valerá o 60 %, e as actividades ben feitas o 40 % da nota final.
- Na proba de abril, as actividades valerán o 100% .

A nota final na avaliación ordinaria será por tanto a media aritmética das dúas probas.

Na realización dos exercicios, debe prestar coidado coa limpeza e a presentación.

Na avaliación extraordinaria terá un exame sobre os contidos do curso. Deberá levar material adecuado (material de debuxo técnico e material de cor, como lápices de cor ou ceras grasas).

CONTIDOS

1ºPARTE

- O alumno debe manexar con soltura a escuadra, cartabón e compás.
- *Perpendiculares* con escuadra e cartabón e con compás: Mediatriz dun segmento
 - perpendicular a unha recta por un punto da mesma
 - perpendicular a unha semirecta polo extremo "A" da mesma.
- *Paralelas* con escuadra e cartabón.
- *Ángulos*, concepto, clasificación.
 - Transporte dun ángulo
 - División dun ángulo en dúas partes iguais (Bisectriz de un ángulo)
 - Construcción do ángulo de 90°.
 - Construcción do ángulo de 60°.
 - División dun ángulo llano en tres partes iguais.
- *Proporción* . Teorema de Thales: División de un segmento en partes iguais

2º PARTE

- *A textura*. Concepto
 - Creación de texturas gráficas visuais con distintas técnicas
- *A cor*.
 - Círculo cromático de 6 cores
 - Cores primarias e secundarias.
 - Cores complementarias

- Harmonía de cor cálida e harmonía de cor fría.
- *O cómic.*
- *As linguaxes visuais.*

DEBUXO TÉCNICO I. ALUMNOS PENDENTES 1º BACHARELATO. CURSO 2019-20

METODOLOXÍA

A materia será dividida en dúas partes.

A primeira parte terá un exame en xaneiro, e a segunda parte en abril. Haberá un exame final en maio, caso de non aprobar algún ou os dous exames anteriores.

Para asimilar os contidos propios de cada exame, o alumno debe facer actividades propostas de seguimento.

Dado que só hai un alumno neste caso, que non cursou a materia en 1º Bac, pero que está matriculado en 2º Bac, será doado facer un seguimento de cerca do alumno e solucionar dúbidas.

SISTEMA DE AVALIACIÓN.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada exame se calificará cunha nota máxima de 10 puntos, O alumno deberá ter en cada exame unha cualificación de 5 puntos ou superior, A nota final será a media aritmética dos dous exames, ou a cualificación do exame final de ser o caso.

Se o alumno suspende un exame, poderá recuperarlo na data do seguinte. Cada exame aprobado, elimina esa parte de contidos.

Na avaliación extarordinaria, terá un exame con todos os contidos do curso. O alumno deberá ter unha nota de 5 puntos ou superior para aprobar.

PARTES DA MATERIA E CONTIDOS.

1ª PARTE :

Exame en xaneiro.

Contidos

- 1) Uso das plantillas e material de Debuxo técnico
- 2) Trazados fundamentais no plano. Distancias e lugares xeométricos.
- 3) Utilización e construción de escalas volantes
- 4) Clasificación, rectas e puntos notables en triángulos, construción.
- 5) Clasificación e construción de cadriláteros.
- 6) Caraterísticas e construción de polígonos regulares.
- 7) Realización de tanxencias básicas:
 - Entre rectas e circunferencias
 - Entre circunferencias.

Aplicación de enlaces ó deseño de obxectos.

3) Curvas técnicas. Ovalo e ovoide. Construcción.

8) Transformacións no plano.(Xiro, simetría central e axial, traslación).

9) Construcción de figuras semellantes por homotecia.

2ª PARTE:

Exame en abril

Contidos

1) Fundamentos do Sistema Diédrico de representación.

Representación de:

- Punto: Representación. Posicións básicas. Terceira proxección.

- Rectas: Posicións, cuadrantes, visibilidade, trazas(análise dunha recta).Pertencencia de puntos a rectas.Terceira proxección de rectas.

- Plano: Posicións básicas. Pertencencia de punto e recta ó plano. Rectas notables dun plano. Planos non dados polas súas trazas.

2) Croquización de pezas sinxelas.

3) Representación en `perspectiva isométrica ou cabaleira de vollumes sinxelos e corpos de revolución. Representación de curvas só paralelas ós planos de proxección.

4) Representación en isométrico ou cabaleira, a man alzada..

20. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

Tomamos a programación como documento base sobre o que traballar. Peródicamente revisárase a programación para realizar as modificacións para os diferentes cursos e, se fora necesario, para algún grupo en particular, unha vez feita a avaliación inicial. Así mesmo observaremos a idoneidade dos contidos elixidos, da metodoloxía aplicada e os recursos dos que dispoñemos para mellorar o rendimento de cada grupo.

Ademais, sempre resulta conveniente escoitar tamén a opinión dos usuarios. Neste sentido, é interesante proporcionar aos alumnos unha vía para que poidan manifestar a súa opinión sobre algúns aspectos fundamentais da materia. Para iso, pode utilizarse unha sesión informal na que se intercambien opinións, ou ben pasar unha sinxela enquisa anónima, para que os alumnos poidan opinar con total liberdade.

MATERIA:	CLASE:	
PROGRAMACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións

Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.		
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.		
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.		
DESENVOLVEMENTO		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar os alumnos e saber os seus coñecementos previos.		
Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificouse o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.), e foron informados sobre os criterios de avaliación.		
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos, e construíronse sobre os seus coñecementos previos.		
Ofreceuse aos alumnos un mapa conceptual do tema, para que sempre estean orientados no proceso de aprendizaxe.		
As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e tipo de agrupamento, e favoreceron a adquisición das competencias clave.		
A distribución do tempo na aula é adecuada.		
Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).		
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións.		
Facilitouse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, como		

buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.		
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.		
As actividades de grupo foron suficientes e significativas.		
O ambiente da clase foi adecuado e produtivo.		
Proporcionouse ao alumno información sobre o seu progreso.		
Proporcionáronse actividades alternativas cando o obxectivo non se alcanzou en primeira instancia.		
Houbo coordinación con outros profesores.		

AVALIACIÓN		
INDICADORES DE LOGRO	Puntuación De 1 a 10	Observacións
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.		
Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación, que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.		
Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.		
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia, a alumnos con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.		
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.		
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción, etc.		

21. O PLAN TIC

As principais ferramentas TIC dispoñibles e algunos exemplos das súas utilidades concretas son:

1. Uso de procesadores de texto para redactar, revisar ortografía, facer resumos, engadir títulos, imaxes, hipervínculos, gráficos e esquemas sinxelos, etc.
2. Software educativo e profesional para editar, realizar deseño gráfico, modificar imaxes, etc.
3. Utilización de programas de correo electrónico.
4. Usos e opcións básicas dos programas de navegación.
5. Uso de enciclopedias virtuais (CD e www).
6. Uso de periféricos: escáner, impresora, etc.
7. Uso sinxelo de programas de presentación (PowerPoint, Prezzi, etc.): traballos multimedia, presentacións creativas de textos, esquemas ou realización de diapositivas.
8. Internet: busca e selección crítica de información.
9. Utilización dos innumerables recursos e páxinas web dispoñibles.
10. Utilización de programas de edición de imaxes.
11. Uso do móbil como ferramenta creativa.
12. Consultar a relación de enlaces web propostos na web do instituto no departamento de Plástica.

22. O PLAN LECTOR

Para potenciar a lectura e a expresión oral e escrita propónse:

- Realización de tarefas de investigación nas que sexa imprescindible ler documentos de distinto tipo e soporte.
- Lectura de instrucións escritas para a realización de actividades lúdicas.
- Lecturas recomendadas: divulgativas, etc.
- É fundamental para o traballo da comprensión lectora ler todos os días na clase. O profesor deberá procurar que cada día un alumno diferente lea o apartado da unidade que se vai traballar en voz alta, preguntando á súa vez a outros alumnos sobre o que se vai lendo. É dicir, lemos e comprendemos o que se vai lendo como apoio á explicación do profesor.
- Facer a lectura en voz alta, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos a tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso.
- Outra actividade que se debe realizar a diario é a lectura das actividades que se van facer na aula. Antes de iniciar a súa práctica, os alumnos deberán ler en voz alta todas as actividades propostas na sesión para que o profesor poida orientar a súa resolución en caso de dúbida. A partir da lectura do enunciado das actividades a desenvolver, obter a idea principal e parafrasear a cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada; isto é particularmente

- importante na lectura dos enunciados dos exercicios escritos.
- Busca e realización de biografías de artistas e lectura de parte destas. Animarase aos alumnos á lectura de diversos artigos ou traballos relacionados coa materia que se estea impartindo e que aparezan nos medios de comunicación ou en medios especializados.
 - “A hora de ler”. Actividade a proposta do centro para fomentar o hábito da lectura.
 - A presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo sobre algún dos temas que poidan tratarse na clase.
 - A exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor dalgún tema puntual, como resposta a preguntas concretas, ou a cuestións máis xerais, como poden ser: “Que sabes de...?”, “Que pensas de...?”, “Que queres facer con...?”, “Que valor das a...?”, “Que consello darías neste caso?”.

Como lecturas interesantes relacionadas coa materia, proponse:

En 1º ciclo da ESO:

“El misterio Velázquez” (Eliacer Cansino). Editorial Bruño.
 “Regreso a las cavernas” (Justin Denzel). Editorial Afaguara.
 “O pintor do sombreiro de malvas” (Marcos Calveiro) . Editorial Xerais.
 Colección de cómics da biblioteca.

En 2º ciclo da ESO e BAC:

“La jóven de la perla” (Tracy Chevalier). Editoriales Harper Collins, E.P. Dutton
 “Historias Mortales” (VVAA). Editorial Galaxia Gutemberg.
 “El paraiso en la otra esquina” (Mario Vargas Llosa). Editorial Alfaguara.
 “Sobre Dalí” (Antoni Pitxot). Editorial Planeta.
 “Cartas a Theo” (Van Gogh). Alianza Editorial.
 Colección de cómics da biblioteca.
 Libros de Didáctica que o alumnado pode consultar no apartado de Artes.

Para Debuxo Artístico:

- “ Aprender a dibujar con el lado derecho del cerebro” (Betty edwards). Editorial Urano.
- “ Nuevo Aprender a dibujar con el lado derecho del cerebro” (Betty edwards). Editorial Urano.
- “ Dibujo de cabeza y manos” (Andrew Loomis). Editorial LANCELOT S.L.

En Noia, 1 de outubro de 2019

Rosa Isabel Lozano Esteban